

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E A SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A.S.M.E PARA O
DESENVOLVEMENTO DA ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN “THE WAY TO
SANTIAGO. A CONTEMPORARY EXPERIENCE OF PILGRIMAGE”**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A.S.M.E o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e CORREOS para a posta en marcha da exposición itinerante “The Way to Santiago. A Contemporary Experience of Pilgrimage”, que se desenvolverá en Williamsburg, Virginia, Boston, Chicago, New York e un lugar da Costa Este de EEUU a determinar. A exposición componse dun vídeo e de 15 fotografías de Manuel Valcárcel que explican, de modo sintético, a magnitude e beleza da experiencia da peregrinación no Camiño de Santiago de Compostela, primeiro itinerario Cultural Europeo e Patrimonio Mundial da UNESCO. A exposición levarase a cabo durante os anos 2018 e 2019.

Coa sinatura do presente convenio CORREOS comprométese a pagar á Axencia Turismo de Galicia o importe de 60.200 euros. Así mesmo, CORREOS promocionará e difundirá este programa sempre que o desenvolvemento da súa propia actividade así o permita, participando, na medida do posible, nos actos de presentación pública que se realicen do mesmo.

Pola súa parte, a Axencia Turismo de Galicia asume a organización, coordinación e desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio. Será responsabilidade tamén da Axencia Turismo de Galicia a aprobación do orzamento destinado as distintas actividades programadas, así como dar a publicidade e difusión debida a esta programación.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- CORREOS, dada a súa condición de sociedade mercantil estatal, réxese, basicamente, polo ordenamento xurídico privado, salvo nas materias en que lle sexa de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de persoal, de control económico-financeiro e de contratación, conforme o disposto no artigo 113 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.- Segundo dispón o artigo 30 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados mediante o Decreto 196/2012, del 27 de setembro, a Axencia finánciase cos seguintes recursos:

f) Os ingresos recibidos de persoas físicas e xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.

Cuarto.- A categoría e relevancia acadada por esta actividade fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Quinto.- Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

